

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOICAIIS
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.	Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.
Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Escritos (realización de tarefas escritas, elaboración de traballos,...)</p> <p>Actividades interactivas.</p> <p>Autoavaliación mediante test ou probas autocorrixibles...</p>
	<p>Instrumentos: Fichas e activades variadas de reforzo e repaso dos temas traballados durante o primeiro e segundo trimestres. Autoavaliación mediante probas escritas autocorrixibles. Actividades interactivas autoavaliabes.</p> <p>Correccións por parte do profesor de tarefas a entregar.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Vaise facer en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación podería engadírselle unha puntuación determinada (1ou 2 puntos) en función das actividades realizadas no terceiro trimestre para mellorar nota, onde se terá en conta, principalmente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A realización das tarefas. - O esforzo persoal de cada alumnado. - Entrega das tarefas: no tempo establecido e de forma correcta e comprensible. - A participación ca titora mediante a mensaxería. - Participación en propostas de conmemoracións, por exemplo, do día do libro.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: adquisición dos estándares de aprendizaxe e competencias esenciais realizada nos dous primeiros trimestres</p>
	<p>Criterios de cualificación: Vaise facer en función da revisión e corrección das actividades feitas neste terceiro trimestre. Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. Orde e limpeza na presentación. Caligrafía. Creatividade...</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Escritos e actividades variadas de reforzo e recuperación dos temas traballados durante o primeiro e segundo trimestres. Actividades tic: Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. Grao de elaboración da resposta</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Na aula virtual, quincenalmente, inclúense actividades de repaso das aprendizaxes e competencias realizadas nos dous primeiros trimestres, actividades de ampliación de aprendizaxe anteriores
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A construción de aprendizaxes significativas seguirá a seguinte secuencia: <ul style="list-style-type: none">• Evocación de coñecementos previos para facer un repaso do máis importante visto nos primeiros trimestres. -E exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. O alumnado accederá semanalmente as actividades incluídas na aula virtual, entregandoas xa resoltas na mesma aula virtual e/ou nun mail facilitado.
Materiais e recursos	Actividades preparadas pola titora, vídeos, enlaces... Como recurso usamos a aula virtual do centro.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información chega ao alumnado e familias través da aula virtual, teléfono, correo electrónico da titora e a mensaxería instantánea da aplicación ABALAR.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.